



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
Tlfn.: 981 505 826
Fax: 981 506 255
Páxina web: www.toques.es
e-mail: correo@toques.dicoruna.es

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN XEFE DE BRIGADA (CAPATAZ) E TRES PEÓNS FORESTAIS E UN PEÓN CONDUCTOR. ANO 2023.

Primeira.- Obxecto da convocatoria.- O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal de UN XEFE DE BRIGADA, TRES PEÓNS FORESTAIS E UN PEÓN CONDUCTOR para a formación dunha brigada contra incendios forestais.

Ao presente proceso de selección seralle de aplicación o previsto no Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia; o artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; artigos 91 e 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no que se refire a persoal laboral, o Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado.

As contratacións obxecto da presente convocatoria están financiadas o 100% polo Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Toques para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2023, cofinanciado parcialmente co Fondo de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014- 2020.

Segunda.- Modalidade de contratación.- Contrato de persoal laboral temporal na modalidade “por circunstancias da produción” a xornada completa.

Terceira.- Sistema de provisión.- Concurso -oposición

Cuarta.- Xornada laboral e salarios.- Contrato a xornada completa: 40 horas semanais.

Salario bruto mensual:

- Xefe de Brigada.....1.350,00 euros brutos mensuais, que inclúe soldo mais parte proporcional de pagas extraordinarias.



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
Tlfn.: 981 505 826
Fax: 981 506 255
Páxina web: www.toques.es
e-mail: correo@toques.dicoruna.es

- Peón forestal/conductor..... 1.260,00 euros brutos mensuais, que inclúe soldo mais parte proporcional de pagas extraordinarias.

Quinta.- Duración.- A duración dos contratos extenderase durante un período de 3 meses (aproximadamente dende o 10-07-2023 ata o 09-10-2023).

Sexta.- Requisitos dos aspirantes.-

Os que figuran no convenio suscrito entre este concello de Toques e a Consellería do Medio Rural, a saber:

-Xefe de Brigada:

-Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro técnico forestal, Técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, Técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente. Ademais terá carnet de conducir B.

- o Ser de nacionalidade española, sen prexucio do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- o Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- o Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenrolo das funcións correspondentes.
- o Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin estar incapacitado ou inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

- Peón de brigada:

- o Ser de nacionalidade española, sen prexucio do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- o Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- o Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenrolo das funcións correspondentes.
- o Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin estar incapacitado ou inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
Tlfn.: 981 505 826
Fax: 981 506 255
Páxina web: www.toques.es
e-mail: correo@toques.dicoruna.es

- **Conductor:**

- o Ser de nacionalidade española, sen prexucio do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- o Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- o Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenrolo das funcións correspondentes.
- o Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin estar incapacitado ou inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- o Estar en posesión de permiso de conducir (B1)

Todos os requisitos esixidos deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes, e manterse ao longo da duración do contrato.

Sétima.- Presentación de solicitudes.- Se enviará oferta de emprego á Oficina de emprego de Melide. Asimesmo as presentes bases serán publicadas na sede electrónica do Concello de Toques (<https://sede.toques.es>), e no taboleiro de anuncios do Concello sito na Casa Consistorial.

O prazo de presentación de solicitudes será de **5 días hábiles** a contar a partires do anuncio da presente convocatoria na sede electrónica do Concello.

Os/as aspirantes deberán presentar unha instancia (Anexo I), dirixida ao Sr. Alcalde, no Rexistro Xeral do Concello de Toques, a esta instancia deberán achegar a seguinte documentación, según sexa o posto de traballo:

- A) D.N.I.
- B) Certificados dos cursos/títulos relacionados co posto
- C) Certificado do tempo que leva inscrito como demandante de emprego, expedido pola oficina de emprego, no seu caso.
- D) Permiso de conducir B1, no seu caso.
- E) Certificado de coñecemento lingua galega (Celga 2 ou titulación superior).
- F) Certificado médico de ser apto para a realización da proba de esforzo.-
- G) Documentación acreditativa da titulación esixida para o posto, se fose precisa.-
- H) Informe de vida laboral acompañado de contratos de traballo ou de nóminas ou de certificados de empresa.

Rematado o prazo de presentación de documentación dictarase a correspondente Resolución provisional sobre a admisión ou exclusión dos solicitantes, resolución que



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto

15806 Toques (A Coruña)

Tlfn.: 981 505 826

Fax: 981 506 255

Páxina web: www.toques.es

e-mail: correo@toques.dicoruna.es

se publicará no taboeiro de anuncios do concello e na sede electrónica do Concello de Toques (<https://sede.toques.es>). Os aspirantes terán un prazo de **2 días hábiles** para presentar reclamacións.

Se houbera reclamacións publicarase na sede electrónica do Concello de Toques (<https://sede.toques.es>) unha resolución definitiva sobre a admisión ou exclusión dos solicitantes. No caso de non haber reclamacións, se elevará a definitiva a resolución provisional sobre a admisión ou exclusión dos solicitantes.

Oitava.- Fase de concurso. Baremo para a valoración de méritos.-

Procederáse por parte do Tribunal a valorar os méritos alegados por cada un dos candidatos, o baremo para a avaliación é o seguinte:

1) Cursos relacionadas coa actividade a desenvolver, a puntuación non poderá superar os 3 puntos:

- Cursos de 100 horas ou máis: 0,75 puntos
- Cursos de 50 a 99 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de 10 a 49 horas: 0,20 puntos.
- Aqueles cursos en cuio certificado acreditativo non consten o número de horas, ou ben teñan unha duración inferior ás 10 horas, non serán obxecto de valoración.

2) Por antigüidade como demandante de emprego, a puntuación non poderá superar 1 punto:

- De 0 a 6 meses: 0,50 punto
- De 6 a 12 meses: 0,75 puntos
- De máis de 12 meses: 1 punto.

3) Por ter participado en campañas de extinción de incendios en calqueira administración pública ou organismos dependente da mesma (Xunta de Galicia, concellos, etc.), 0,10 puntos por mes traballado con un máximo de 1 punto.

Novena.- Proba de esforzo: Consistirá na realización do Test do Escalon de Harvard, co obxectivo de medir a capacidade aeróbica máxima dos candidatos.

Esta proba será eliminatória e obrigatoria para os/as aspirantes, eliminando aos que non superen o valor promedio segundo a tabla do citado test.

Esta proba realizarase segundo a anexo II das presentes bases.

Décima.- Fase de oposición.- Consistirá nunha única proba práctica.



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
Tlfn.: 981 505 826
Fax: 981 506 255
Páxina web: www.toques.es
e-mail: correo@toques.dicoruna.es

A proba práctica consistirá en realizar polos candidatos/as traballos que son propios do posto de traballo utilizando a ferramenta do concello, na que se valorará a aptitude, a eficiencia e a eficacia no desenrolo do mesmo.

Esta proba será eliminatória e obrigatoria para os/as aspirantes, cualificándose ata un máximo de 10 puntos, sendo eliminados os aspirantes que non alcancen un mínimo de 5 puntos.

Os candidatos deberán acudir provistos de DNI ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

A orde de actuación dos aspirantes será seguindo a orde alfabética dos apelidos dos/as aspirantes.

Undécima.- Coñecemento da lingua galega.- Tendo en conta o artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública; aos candidatos/as que non presenten Certificado de coñecemento da Lingua Galega, Celga 2 ou superior, ou equivalente, deberán realizar unha proba oral de coñecemento da lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatório, que será calificada de apto ou non apto.

Décimosegunda.- Tribunal Calificador.- Estará composto polos seguintes membros:

Presidente: Dna. Guadalupe Vázquez Ascariz, Traballadora Social de Toques

Vogais:

1º vogal: Dona María Jesús Rivas Moscoso, Técnico de Xestión no Concello de Santiso.

2º vogal: Don Mauro Noguero Urrutia, Técnico de deportes no Concello de Toques.

3º vogal: Don Luis Otero Castiñeira, Conductor Peón servizos múltiples no Concello de Toques.

Secretario: D. Iván Ponte Mahía, Secretario Interventor do Concello de Toques.

O Secretario, en caso de ausencia, será substituído polo 1º vocal do Tribunal a efectos de que se poida constituir (cun mínimo de tres dos cinco membros) o Tribunal.

A Presidencia, en caso de ausencia, será substituído polo 2º vocal do Tribunal a efectos de que se poida constituir (cun mínimo de tres dos cinco membros) o Tribunal.

Decimoterceira.- Acreditación de méritos.- Os méritos comprendidos no apartado 1 da base oitava acreditaranse mediante copia compulsada do certificado expedido polo órgano correspondente.

O tempo de antigüidade como demandante de emprego acreditarase mediante certificado expedido ao efecto pola Oficina de emprego de Melide.



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
Tlfn.: 981 505 826
Fax: 981 506 255
Páxina web: www.toques.es
e-mail: correo@toques.dicoruna.es

O coñecemento da lingua galega acreditarase mediante copia compulsada do certificado correspondente.

A acreditación de ter participado en campañas de extinción de incendios acreditarase mediante os correspondentes contratos, nóminas ou certificados de empresa xunto co informe de vida laboral.

Decimocuarta.- En caso de empate aplicaranse os seguintes criterios de prioridade:

- A) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- B) Persoas en paro de longa duración (12 meses ou mais).
- C) Persoas con responsabilidades familiares: ter ao seu cargo o/a cónxuxe, fillos/as menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, incapacitados ou menores en acollemento.
- D) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Decimoquinta.- Puntuacións.- Finalizado o proceso selectivo, publicaranse as puntuacións no Taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica do Concello de Toques (<https://sede.toques.es>).

Os candidatos terán un prazo de **1 día hábil** para presentar reclamacións. A puntuación total acadada será a suma da puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición.

Decimosexta.- Transcurrido o prazo para a presentación das reclamacións, o Tribunal proporá á alcaldía a contratación das persoas que acaden a maior puntuación. Se algún/algunha dos/as candidatos/as inicialmente propostos renunciaren á contratación, pasaríase a contratar aos seguintes por orde de puntuación e así sucesivamente.

A contratación dos/as aspirantes seleccionados/as corresponde ao Sr. Alcalde.

En todo o non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na lexislación laboral e lexislación sectorial complementaria que resulte de aplicación.

En Toques, o asina o Sr. Alcalde na data que figura á marxe;



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
Tlfn.: 981 505 826
Fax: 981 506 255
Páxina web: www.toques.es
e-mail: correo@toques.dicoruna.es

ANEXO I MODELO DE INSTANCIA

D./Dna. con DNI
núm. e con domicilio para efectos de notificación
en
CP....., localidade..... e teléfono.....

EXPÓN:

- Que ten coñecemento da convocatoria e das bases para a selección de XEFE DE BRIGADA ou PEON DE BRIGADA como persoal laboral temporal do Concello de Toques.
- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

Polo tanto,

SOLICITA:

Ser admitido/a ao correspondente proceso selectivo, presentando para iso a documentación que se achega.

Toques, de de 2023

Asdo.:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TOQUES (A CORUÑA)

ANEXO II

TEST DEL ESCALON DE HARVARD

Otras denominaciones: Step Test

Objetivo: Medir la capacidad aeróbica máxima.



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto

15806 Toques (A Coruña)

Tlfn.: 981 505 826

Fax: 981 506 255

Página web: www.toques.es

e-mail: correo@toques.dicoruna.es

Desarrollo: Consiste en bajar y subir un escalón de 50,8 centímetros de altura durante 5 minutos con una frecuencia de 30 ciclos por minuto. Un ciclo se considera cuando el alumno coloca un pie sobre el escalón, sube colocando ambos pies en el mismo, extiende completamente las piernas y endereza la espalda, e inmediatamente desciende, comenzando con el pie que subió primero. Cuando el alumno termina la prueba se sienta y se realizan tres tomas de pulso, de 30 segundos cada una, del siguiente modo: Una al minuto de finalizar el ejercicio (P1). Otra a los dos minutos (P2). Una mas a los 3 minutos (P3). Se obtiene una puntuación, que es el resultado del test, según la siguiente ecuación:

$$(\text{Duración del ejercicio en segundos} \times 100) : 2 (P1 + P2 + P3)$$

Este resultado se puede comparar en la tabla con la baremación correspondiente.

Existe una forma simplificada que consiste en realizar únicamente la primera toma de pulsaciones al minuto de finalizar el ejercicio. La ecuación a aplicar es la siguiente:

$$(\text{Duración del ejercicio en segundos} \times 100) : (5,5 \text{ Pulsaciones})$$

Normas: El ritmo debe de ser mantenido constantemente a lo largo de toda la prueba. Si el alumno se retrasa en mas de 10 segundos la prueba se considera finalizada. Para facilitar el ritmo de ejecución se puede utilizar un metrónomo.

Material: Banco o escalón de 50,8 cm de altura (aunque 50 cm también son válidos), cronómetro y metrónomo. Datos Normativos

La siguiente tabla es deportistas mayores de 16 años

Genero	Excelente	Bueno	Promedio	Regular	Pobre
Hombre	> 90	80-90	65-79	55-64	<55
Mujer	> 86	76-86	61-75	50-60	<50

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS CANDIDATOS/AS QUE SE PRESENTEN AOS POSTOS DA BRIGADA PARA A PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS NO CONCELLO DE TOQUES.

ANO 2023



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
Tlfn.: 981 505 826
Fax: 981 506 255
Páxina web: www.toques.es
e-mail: correo@toques.dicoruna.es

- A) D.N.I.**
- B) Certificados dos cursos/títulos relacionados co posto**
- C) Certificado do tempo que leva inscrito como demandante de emprego, expedido pola oficina de emprego, no seu caso.**
- D) Permiso de conducir B1, no seu caso.**
- E) Certificado de coñecemento da lingua galega (Celga 2 ou titulación superior).**
- F) Certificado médico de ser apto para a realización da proba de esforzo.-**
- G) Documentación acreditativa da titulación esixida para o posto, se fose precisa.-**
- H) Informe de vida laboral acompañado de contratos de traballo ou de nóminas ou de certificados de empresa.**